

RESUMO DA REUNIÓN DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA CORUÑA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2018.

ASISTENTES:

Don Indalecio Cabana Leira, Xefe Territorial de Cultura, Educación e O.U.

Don Fermín Álvarez Lata, Xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa

Don Alfonso Varela Vidal, Presidente da Xunta de Persoal Docente, representante da CIG.

Don Fernando Rei Maio, representante STEG

Dona Divina Núñez López, Secretaria e membro da CIG

Don Manuel Abella Vázquez representante UGT

Dona Rosa María Urbano Rey, representante ANPE

Dona Raquel Parada Serantes, representante CC.OO.

Dona Raquel Vázquez Quindimil, representante CSIF

Dona Lucía Rivera Fraga, actuando de representante da Administración

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta anterior

Modifícase e queda aprobada a Acta de 31 de decembro de 2017.

2.- Cambio de horario no IES de Curtis:

A XP pedimos información sobre as circunstancias do cambio de horario nos centros e queixámonos de que non se nos informara a nós, nin ao profesorado, coa suficiente antelación.

O XT infórmanos de que o cambio se fixo tras manter reunións informativas coa dirección dos dous centros e co fin de mellorar o servizo de transporte de ambos centros.

3 – Deficiencias nas instalacións de distintos centros: CEIP de Caión, IES Agra do Orzán e CRA Ponte da Pedra.

Desde a XP consideramos que as deficiencias do CEIP de Caión e do CRA Ponte da Pedra, implican riscos de seguridade para a comunidade educativa. Din que no CEIP de Caión hai goteiras e chove no cadro eléctrico.

O XT informa que:

- No CEIP de Caión xa se levaron a cabo actuacións e melloras pedidas polo centro: porta, baño infantil, goteiras e cuberta.
- No CRA Pontedapedra teñen orde de trasladarse a unha unitaria.
- No relativo ao IES Agra do Orzán informa que as instalacións deportivas dependen de Deportes e son eles os que licitan a obra e están agora na fase de licitación e o director está en contacto con eles e informado.

4 – Información sobre o novo CEIP de Culleredo.

A XP preguntamos sobre os niveis de estudos que se van implantar e o funcionamento do comedor.

O XT informa que se vai abrir a tódolos niveis educativos e que, ao igual que o resto dos centros que se puxeron en funcionamento anteriormente, o primeiro ano o comedor ten que ser xestionado pola ANPA.

A XP preguntamos polo horario do centro. O XT manifesta que aínda está sen definir pero seguramente será xornada de mañá.

5 – Relación de docentes en comisión de servizo que non foron adxudicadas por convocatoria pública.

A XP pedimos información sobre casos de docentes que se atopan ocupando un posto en comisión de servizos sen ser publicitado.

O IX informa de que hai algún caso de PTs e Als ao haber alumnos cunhas circunstancias moi concretas e que se autorizaron trala petición das familias, informe do director do centro e do Servizo de Inspección.

Desde a XP pedimos que se lle dea unha relación do persoal que se atopa nesas circunstancias.

6 – Responsabilidade do profesorado de vixilancia co alumnado transportado.

A XP informamos de que hai algún centro no que se cuestiona que a vixilancia corresponde só co alumnado de transporte e se estende a todos os alumnos. O XT infórmanos que non houbo cambios neste tema e que se procura que haxa entradas independentes nos centros para uns e outros, se ben é certo que nalgún centro, resulta imposible.

Solicítase o nome do centro no que está a ocorrer e nós (XP) quedamos en comunicalo.

- Información sobre expedientes

O XT informa das resolucións de incoación do expediente disciplinario a:

- José Antonio Areoso Canedo – IES Universidade Laboral (Culleredo)

7- Rogos e Preguntas

a) A XP solicitamos unha reunión coa Inspección para falar das vacantes que non se publicaron.

O XI informa que as últimas modificacións de vacantes non se fixeron na Inspección.

A XP pedimos que se nos facilite unha relación das vacantes. O Xefe do Servizo de inspección queda en facilitar a lista de PTs e Als e a relación de peticións propostas polas organizacións sindicais que se tiveron en conta.

e) Próxima reunión da Xunta de Persoal

Celebrarase o vindeiro día 04 de abril.

A Coruña, 21 de febreiro de 2018